



**AXUDAS CURSO 20-21 : LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

No DOG de 19 de maio de 2020 publícase a convocatoria de axudas para o curso 2020-2021 (Orde de 12-5-20). A continuación, faise un resumo dos aspectos máis destacados. **Cada familia debe de valorar a súa situación, xa que coa sinatura da solicitude a persoa solicitante declara, baixo a súa responsabilidade**, que reúne o requisito de ingresos da unidade familiar que fai constar, e queda sometido ao **réxime de infraccións e sancións** a que se refire a disposición adicional novena desta orde. As axudas publicadas son as seguintes:

ALUMNADO	TIPO DE AXUDA	DESTINATARIOS	IMPORTE
3º- 6º Primaria	Fondo solidario	Todo o alumnado	Préstamo libros
1º- 2º Primaria	Axudas libros	Rendas ≤ 6.000€	210 euros
1º- 2º Primaria	Axudas libros	Rendas > 6.000 e ≤ 10.000€	140 euros
1º- 6º Primaria	Axudas material	Rendas ≤ 6.000€	50 euros

As axudas para material escolar son compatibles coas de compra de libros e as do fondo solidario.

**IMPORTE DAS AXUDAS LIBROS E MATERIAL (1º - 2º PRIMARIA)**

O importe da axuda depende da renda per cápita, que é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas. Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

**Para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2018 e o exercicio fiscal 2018.**

Por exemplo, unha familia composta polo pai, nai e dous fillos, sumará as rendas dos pais e dividirá a suma entre 4, xa que os fillos contan para este cálculo.

**Membros computables para o cálculo da renda:**

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de

custodia compartida.

**Cando non exista vínculo matrimonial**, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

#### **Membros non computables para o cálculo da renda:**

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

#### **Dependendo desta renda per cápita, as axudas correspondentes son:**

- o Renda per cápita familiar ata 6000,00 €: **210 € para libros e 50 € para material.**
- o Renda per cápita familiar dende 6000,01 ata 10000,00 €: **140 € para libros.**

Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, a contía das axudas será de 250 euros con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

### **LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

**O prazo de solicitudes é do 20 de maio ao 19 de xuño de 2020, ambos inclusive.**

As solicitudes entregaranse no centro no que estean admitidos ou matriculados para o curso 20-21.

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2020/21, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2019/20. Este centro rexistrará a solicitude de maneira que acredite a súa entrada en prazo e enviaráa ao centro de destino en que o alumno resulte admitido, que será o encargado da súa gravación e tramitación.

Si hai fillos/as matriculados en centros distintos, haberá que facer dúas solicitudes e entregar cada unha no centro correspondente. En caso de que haxa varios fillos/as matriculados no mesmo centro, inclúiranse na mesma solicitude.

### **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** no formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>. (procedemento ED330B).

Opcionalmente, **poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes** ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos **mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia**, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A solicitude deberá estar **asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado**, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.

**Xunto coa solicitude (Anexo I), hai que achegar a seguinte documentación:**

- a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) **Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
- 1º. Certificado ou volante de convivencia.
- 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegárase un certificado ou volante de convivencia onde deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- c) **Certificado do grao de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- f) **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento** ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.**

A documentación complementaria (que acompañe á solicitude) presentárase preferiblemente por **vía electrónica**. As **persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos** que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria **presencialmente no centro docente**, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Cando a documentación se presente no centro docente, **achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais, para que a persoa que a reciba verifique a súa autenticidade.**

En todo caso, **os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2018**, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

Para a tramitación deste procedemento **consultaranse automaticamente** os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) **DNI ou NIE** da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

b) **DNI ou NIE** da persoa representante do/a solicitante.

c) Declaración do **imposto sobre a renda** das persoas físicas ou, na súa falta, o **certificado tributario de imputacións** no exercicio 2018 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso.

Consultaranse **ademais os seguintes datos** cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente.

d) Certificado do **grao de discapacidade** recoñecido pola Xunta de Galicia da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, se é o caso.

e) Percepción de **pensión por incapacidade** permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ou superior ao 33 %), da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, se é o caso.

En ambos os casos, a data de referencia é o 31 de decembro de 2018.

No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e achegar os documentos.

De conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do **procedemento administrativo común das administracións públicas**, daráselle publicidade da listaxe provisional e definitiva de persoas beneficiarias de libros de texto do fondo solidario; da listaxe provisional e definitiva de solicitudes excluídas, con indicación da causa de exclusión; e da relación provisional e definitiva de solicitudes de axudas para adquirir libros de texto e material escolar en que se detecten deficiencias, con indicación da deficiencia detectada ou da documentación de que carezan.

Estes actos **publicaranse única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar**.

Así mesmo, as persoas solicitantes poderán **acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación Fondolibros**, empregando a Chave 365 ou o certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre